## Programa de axudas ao aluguer de vivenda

| | |
|---|---|
| **Descrición** | Facilitar o acceso e a permanencia nunha vivenda en réxime de aluguer a sectores de poboación con escasos medios económicos. |
| **Beneficiarios** | Persoas físicas maiores de idade que reúnan os seguintes requisitos:<br>• Ser titular ou estar en condicións de subscribir un contrato de arrendamento de vivenda formalizado nos termos da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, en calidade de arrendatario.<br>• Que a vivenda arrendada ou a arrendar, constitúa o vaia a constituír a residencia habitual e permanente do arrendatario.<br>• Que os ingresos das persoas que teñan, ou vaian a ter, o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada, consten ou non como titulares do contrato de arrendamento, sexan, en conxunto, determinados de acordo co disposto no apartado 2.b) do artigo 6, inferiores ao límite máximo de ingresos da unidade de convivencia que dá acceso á axuda establecido no apartado 5 do artigo 12, ou excepcionalmente a 3 veces o IPREM tal e como se recolle no apartado 7 do mesmo artigo. As CCAA poderán fixar un límite inferior.<br>• Renda da vivenda igual ou inferior aos 600 euros mensuais. As CCAA poderán fixar un límite inferior. |
| **Axuda** | • Ata o 40% da renda anual.<br>• Límite máximo: 2.400€ anuais por vivenda.<br>• Prazo máximo: 12 meses prorrogables por sucesivos períodos de 12 meses, ata a finalización do Plan. En todo caso, a data límite para percibir a axuda será ata o 31 de decembro de 2016. |